

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2015-2016

SUMARIO

1.- Introducción.

2.- Xustificación.

3.- O marco conceptual.

4.- Plan concreto de acción tutorial para Infantil e Primaria.

4.1.- Actuacións a nivel xeral do centro.

4.2.- Actuacións de acollida e integración dos alumn@s.

4.3.- Organización e funcionamento do grupo-clase.

4.4.- Adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

4.5.- Desenvolvemento persoal e adaptación escolar.

4.6.- Participación da familia.

5.- Plan concreto de acción tutorial para Secundaria.

5.1.- Principios xerais da acción tutorial.

5.2.- Obxectivos xerais da acción tutorial para esta etapa.

5.3.- Coordinación, seguemento e avaliación do PAT:

5.3.1.- Criterios xerais.

5.3.2.- Reunións de coordinación de titores.

5.3.3.- Seguemento e avaliación do plan.

5.4.- Distribución das funcións e responsabilidades respecto á acción tutorial:

5.4.1.- Funcións dos titores/as.

5.4.2.- Funcións do Departamento de Orientación.

5.4.3.- Responsabilidades de todo o profesorado na acción tutorial.

5.5.- Ámbitos da acción tutorial na ESO:

5.5.1.- Coordinación do equipo docente.

5.5.2.- A atención individual aos alumn@s.

5.5.3.- A comunicación coas familias.

5.5.4.- A acción tutorial co grupo de alumn@s:

5.5.4.1.- Contidos de titoría grupal.

5.5.4.2.- Líñas prioritarias de actuación de cada grupo.

5.5.4.3.- Actuacións que se desenvolvan.

6.- Avaliación deste Plan.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2015-2016

1.- INTRODUCCIÓN.

O Plan de Acción Titorial é a planificación das actividades que son propias dos profesores/as-titores/as.

O departamento de orientación elabora o plan de acción titorial en colaboración cos titores, deseñando as estratexias e criterios xerais que deberán orienta-lo labor de tódolos profesores/as titores/as ao longo do curso e aportando información e material que dende a realidade educativa se demande.

A titoría como elemento inherente a función docente implica unha relación individualizada co alumno/a na estrutura e dinámica das súas actitudes, aptitudes, coñecementos e experiencias de distintos ámbitos educativos.

Co desenvolvemento da función titorial a educación vai máis alá dunha mera instrucción ou transmisión de coñecementos ó aportar un enfoque integral e personalizado.

Todo este proceso de axuda ou orientación ao profesor-titor levarase a cabo en coordinación có resto dos profesores/as, có equipo directivo e coas familias.

O Plan de acción titorial incluírase na Programación Xeral Anual e ademais dos obxectivos, recollerá unha proposta de contidos, actividades, temporalización, recursos, criterios de intervención, seguemento e avaliación.

O Plan de Acción Titorial asume como eixes centrais para todo o centro e agrupados en tres grandes bloques, os seguintes:

- Obxectivos de convivencia.
- Obxectivos plurilingües de fomento das linguas: galego e inglés.
- Obxectivos de Coidado e respecto pola natureza

OBXECTIVOS DE CONVIVENCIA.

1. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais. Pretendemos que o noso alumnado aprenda a respectar:

✓ Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecido.

- ✓ Nos corredores e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
- ✓ No patio: as instalacións deportivas, os enreixados, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.

2. Reforzar a autonomía e a autoestima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
3. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
4. Canalizar a agresividade dos nosos alumn@s cara o ben e o pensamento positivo.
5. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais, prestando especial atención a prevención do Acoso Escolar e do Cyberbullying.

Para a consecución destes eixes centrais, en todos os cursos, partimos das actividades propostas no Plan de Convivencia 2015-2016, Plan de Intelixencia Emocional 2015-2016 e no Plan de Acción Titorial 2015-2016, especificadas por etapas e cursos (documento anexo, Plan Dpto de Orientación).

Faranse especial fincapé en:

- Saudar ó entrar e saír da aula:
- Respectar o turno de palabra:
- Compartir materiais e xoguetes en cada actividade.
- Coidar os materiais comúns.
- Non pelexar na fila, patio...
- Non excluir a ningún compañeir@ nos xogos espontáneos.
- Pedir as cousas "por favor" e dar as grazas.
- Recoller e ordear os materiais, xoguetes e aulas.
- Respectar o traballo do compañeir@s nas tarefas colectivas e individuais.

OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜÍSMO:

1. Potenciar a aprendizaxe da lingua e cultura inglesa a través do plan plurilingüe
2. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
3. Reafirmarnos na idea de que o galego forma parte da nosa identidade para empregalo na vida cotiá.

Para potenciar o coñecemento da lingua inglesa este ano contaremos cun auxiliar de conversa que traballará unha hora a semana con cada un dos cursos das etapas de primaria e ESO.

Ademáis impártense dúas horas semanais de inglés en Infantil, có obxectivo de incorporar, de forma lúdica un vocabulario sinxelo e ordes simples.

Este curso incorpórase 3º de Ed. primaria ao proxecto Plurilingüe, impartindo as clases de plástica en inglés.

Realizaránse actividades, dende o Dpto de inglés, para todos os cursos de Infantil, primaria e ESO para conmemorar Halloween/Samaín.

Todos os carteis informativos irán nas tres línguas, castelán, galego e inglés
Nas emisións de "Radio Secretaría", utilizaranse expresións, sinxelas, en lingua inglesa.

Para fomentar o uso do galego e o coñecemento e respecto pola nosa cultura, o Equipo de Fomento do Galego elaborou o "Proxecto A música galega" onde se especifican as actividades por cursos.

COIDADADO E RESPECTO POLO MEDIO AMBIENTE

1. Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
2. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (papel, auga...) .Participando nos programas de recuperación do medio ambiente como Voz Natura.

Como actividade central temos a participación no Concurso de "Voz Natura", este ano adicado ás Prantas aromáticas

Como principal actividade está a plantación e coidado do noso " Xardín Aromático" por todos os alumn@s do colexio.

Como todos os anos seguiremos participando na reforestación do monte da Picaraña.

Realizaranse saídas – andainas pola natureza que permitiranos disfrutar e apreciar o valor e riqueza do noso entorno máis próximo.

2.- XUSTIFICACIÓN.

A circular 5/99 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación establece, nos servizos de orientación, como primeiro elemento prioritario para o curso 1999-2000 o de potencia-lo Plan de acción tutorial no marco do Plan de orientación do centro. Así mesmo, na circular 13/2001, establécense varias accións prioritarias que teñen unha clara incidencia no Plan de Acción Tutorial e que fan deste unha das ferramentas máis importantes dentro da acción que cada titor/a e cada mestre/a do Colexio ten que levar adiante no seu traballo diario. Por outra banda, na circular 18/2002, volve a incidirse no traballo en acción tutorial por parte do Departamento de Orientación. Tamén na Circular 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordeación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, varias das liñas de accións prioritarias enmárcanse claramente na acción tutorial. Por outra banda, na Circular 23/2004, destas dúas Direccións Xerais, tamén figuran referencias ó Plan de Acción Tutorial. Na Circular 20/2005 desas Direccións Xerais aínda que non se alude directamente á acción tutorial, si que tódalas liñas de acción prioritarias dos Departamentos de Orientación teñen que ver con este eido. Na Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordeación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de

Galicia para o curso 2006-2007, nun dos seus apartados sinálanse, entre outras, no seu apartado 2 as seguintes accións:

1. Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do plan de acción tutorial, en especial o asesoramento referido a:
 - a. Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
 - b. Aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial, entre outros, criterios para a adxudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.
 - c. Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

Na Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se dítan instrucións para unifica-las actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, para o curso 2015-2016, nun dos seus apartados sinálanse, entre outras, no seu apartado 3.b a seguinte acción:

1. Actuacións que teñan como eixe nuclear o plan de acción tutorial: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.

No marco teórico e legislativo que as citadas circulares recollen e regulan, así como ven recollido tamén na lexislación que regula os Servizos de Orientación na nosa Comunidade Autónoma, elabórase o presente Plan de acción tutorial para o Colexio "La Inmaculada".

3.- O MARCO CONCEPTUAL.

A efectos de unificar criterios entre o profesorado, cabe resaltar que na LOXSE e no seu desenvolvemento normativo supérase a concepción da orientación unicamente como axuda externa, puntual, aportada polo experto e téndese ó concepto da orientación como actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e inxeridas no contexto económico e sociocultural no que se desenvolve o individuo. Tamén na LOE se mantén esta idea, incidindo aínda máis na atención á diversidade, na equidade da educación para todos/as e no apoio e atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ao alumnado de altas capacidades e ao alumnado que se incorpora tardiamente ao Sistema Educativo Español.

Pásase dun modelo de Orientación por servizos, modelo clínico, a un modelo de Orientación por programas, que é ao que se ten que tender. Isto non quere dicir evidentemente, que non haxa que seguir facendo avaliacións psicopedagóxicas en casos puntuais que así o aconsellen e faranse propostas de intervención para aqueles casos individuais que o necesiten.

Coa entrada en vigor este curso 2015-2016 da Nova Lei de Educación (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, en toda a Educación Primaria e en 1º e 3º da ESO prodúcese unha serie de innovacións como son as seguintes: os centros educativos fomentarán a calidade, a equidade e a inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades. Ao mesmo tempo promoverán o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverán a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo estado do dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4.- PLAN CONCRETO DE ACCIÓN TITORIAL PARA INFANTIL E PRIMARIA.

4.1.- ACTUACIÓNS A NIVEL XERAL DO CENTRO.

1.- Son funcións de cada mestre/a:

- a. A programación e o ensino das áreas e materias que teñan encomendadas.
- b. A avaliación do proceso da aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c. A titoría dos alumnos/as, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d. A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración, no seu caso, cos servizos e departamentos especializados.
- e. A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f. A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- g. A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumn@s os valores da cidadanía democrática.
- h. A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- i. A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j. A participación na actividade xeral do centro.

- k. A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- l. A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondentes.
- m. Colaborar no desenvolvemento dun clima de respecto mutuo de todos: alumnos/as, pais/nais e mestres/as.
- n. Exerce-la función orientadora inherente á súa función docente.
- o. Atender a tódolos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro de acordo co Reglamento de Réxime Interno.
- p. Colaborar no apoio ao mestre/a titor/a de alumnos/as que reciban medidas de reforzo dentro e fóra da aula.
- q. Colaborar co titor/a e coa xefa do Departamento de Orientación nas súas respectivas funcións.
- r. Asegura-la confidencialidade da información obtida no desempeño das súas funcións.

2.- Son funcións específicas do/a titor/a:

- Colaborar coa Xefa do Departamento de Orientación nos termos que se establezan.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orienta-las demandas e inquiredanzas dos alumnos e mediar ante o resto de mestres/as, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Coordina-lo proceso e sesións de avaliación dos alumnos do seu grupo en tódalas áreas e adopta-la decisión que proceda referente á promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais/nais ou titores legais.
- Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos/as

4.2.- ACTUACIÓNS DE A COLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO.

1.- Actividades de acollida.

Planéanse as seguintes a empregar segundo as circunstancias de cada caso:

- Presentación do equipo de mestres/as.
- Presentación do alumnado.
- Coñecemento mutuo do alumnado.
- Actividades para favorece-la relación e integración do grupo.

2.- Coñecemento do centro escolar.

- Proporcionar no principio de curso ao alumnado información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a dependencias e servizos, estrutura organizativa (calendario escolar, horarios, horas de titoría), actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Aplicación dun programa de adaptación á Educación Infantil, para os alumnos e alumnas que se incorporan nesta etapa por primeira vez ao Colexio Plurilingüe "La Inmaculada".
- Aplicación dun programa de atención ó alumnado pertencente a minorías étnicas e /ou a colectivos inmigrantes.
- Aplicación dun programa de adaptación ó Colexio, para aqueles alumnos e alumnas que ingresen nel por primeira vez provenientes doutros centros.

(Estes programas inclúense nos Anexos ó Plan de Orientación)

4.3.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO-CLASE.

Son funcións do/a titor/a:

1.- Recollida de información sobre os/as alumnos/as.

- Coñecer de cada alumno/a as características persoais, da situación familiar e escolar relevantes para o proceso educativo do mesmo.
- Efectuar un seguemento global dos procesos de ensino-aprendizaxe, dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades educativas específicas.
- Organizar sesións conxuntas do equipo docente do seu grupo de alumn@s coa presenza da Xefa do Departamento de Orientación, para deseña-la aplicación das liñas xerais de intervención, co obxecto de buscar respostas educativas axeitadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

2.- Organización e funcionamento da aula.

- Organiza-la estrutura básica da clase: Normas, horarios, distribución de responsabilidades (delegado, biblioteca, etc), agrupamento do alumnado (estables, ocasionais), previsión dos apoios necesarios.
- Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as, garantindo unha debida atención á diversidade.
- Coordina-los programas individuais de Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular necesarios para alumnos/as do seu grupo, así como dos demais programas a aplicar na súa aula.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais mestres/as do grupo.

4.4.- ADQUISICIÓN E MELLORA DOS HÁBITOS DE TRABALLO.

Son funcións da titoría atender aos seguintes aspectos:

1.- Hábitos básicos:

- Comportamento correcto.
- Relaxación.
- Autonomía e orde.

2.- Técnicas de estudo:

- Traballo individual.
- Traballo en grupo.
- Organización do traballo persoal.

3.- Estratexias de apoio para o estudo:

- Planificación do tempo.
- Condicións ambientais mínimas.
- Colaboración da familia.

4.- Técnicas motivacionais:

- Responsabilidade na tarefa.
- Tarefas de dificultade axeitada.
- Participación dos alumn@s nas propostas de actividades.
- Afrontamento do fracaso.

4.5.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E ADAPTACIÓN ESCOLAR.

1.- Actividades a desenvolver:

- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro. (Sobre este apartado, o Departamento elaborou un programa de adaptación á Educación Infantil e outro de atención ás minorías étnicas e alumnos/as pertencentes a colectivos inmigrantes na clase e no colexio, que abarca tódolos niveis de integración. Este curso continuarán a funcionar neste centro).
- Capacidades sociais.
- Unha autoestima positiva.
- Autocontrol.
- A convivencia entre os alumn@s (Ao comezo do presente curso púxose en marcha o novo Plan de Convivencia para o Centro co Plan de prevención e detección do acoso escolar e o Programa de prevención e detección do Cyberbullying. Pero o Departamento de Orientación continua levando a cabo este

curso 2015-2016 un Programa de desenvolvemento da Intelixencia emocional para todo o Centro e outro Programa de desenvolvemento das Altas Capacidades).

- A interacción titor-alumno.

2.- Coñecemento da situación de cada alumno/a no grupo.

- Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados aos pais ou titores e á xefa de estudos.
- Orientar aos alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ó equipo de mestres/as das características do grupo de alumnos/as, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

4.6.- PARTICIPACIÓN DA FAMILIA.

1.- Obxectivos:

- Facilita-la cooperación educativa entre os profesores/as e os pais/nais dos alumnos/as nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación.
- Informar aos pais/nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos/as nas dúas linguas oficiais.
- Facilita-la participación dos pais/nais nas actividades complementarias organizadas polo centro.
- Fomenta-la colaboración dos pais e nais para que toda a comunidade educativa traballe na mellora da convivencia no Colexio.

2.- Propostas concretas:

a. Actividades de acollida.

- A comezo do curso organizarase unha xuntanza colectiva dos titores e profesores de cada ciclo cos pais e nais de alumnos, coa finalidade de proporcionarlles información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a dependencias e servizos, estrutura organizativa (calendario escolar, horarios, horas de titoría), actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Aplicación dos Programas de Adaptación á Educación Infantil e ao Colexio.
- Aplicación do programa de acollida incluído dentro do programa de atención ao alumnado pertencente a minorías étnicas e/ou colectivos de inmigrantes.

b. Actividades de seguemento titorial.

1.- Individual.

O titor/a solicitará a presenza cando menos trimestral daqueles pais/nais de alumnos/as que necesitan mellorar nalgún aspecto

Promoverase a implicación dos pais e nais en programas de xeralización de condutas, especialmente de habilidades básicas, así como unha participación das familias na actividade escolar.

2.- Colectiva.

Organizaranse reunións periódicas cos seguintes obxectivos:

- Intercambio de información.
- Explicación da programación.
- Informar sobre o proceso de avaliación e comentar resultados.
- Organización do traballo persoal dos seus fill@s.

c. Actividades de participación colectiva.

- Colaboración en actividades extraescolares:

- Excursións.
- Festexos.
- Semanas culturais.
- Visitas a empresas.
- Organización do tempo libre e descanso.
- Charlas a alumn@s e a pais.

5.- PLAN CONCRETO DE ACCIÓN TITORIAL PARA SECUNDARIA.

5.1.- PRINCIPIOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL:

Entendemos a acción titorial como unha labor pedagóxica encamiñada á tutela, acompañamento e seguemento do alumnado coa intención de que o proceso educativo de cada alumn@ se desenvolva en condicións o máis favorables posibles. A acción titorial forma parte da acción educativa e é inseparable do proceso de ensino-aprendizaxe. Concebimos a titoria como un recurso educativo ao servizo do aprendizaxe e por iso o noso Plan de Acción Titorial trata de ser coherente cos principios e criterios educativos lembrados no Proxecto Curricular da etapa.

Entendemos a orientación e a titoria dos alumn@s como tarefa de todo o profesorado e, por iso, como algo que abranxe tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor

titor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado como aquelas outras que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumn@s.

Ainda que no Colexio Plurilingüe "La Inmaculada" a orientación e a tutoría dos alumn@s sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do profesor-titor, como órgano de coordinación docente, segue sendo necesaria na coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas.

A tutoría e a orientación no Colexio Plurilingüe "La Inmaculada" teñen como fins fundamentais:

- a) Favorecer a educación integral do alumn@ como persoa
- b) Potenciar unha educación o mais personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumn@
- c) Manter a cooperación educativa coas familias

Para avanzar na consecución destes fins contamos con ferramentas como:

- a) O traballo do profesor- titor
- b) A actuación coordinada do equipo de profesores
- c) O apoio do Departamento de Orientación
- d) A función orientadora de cada un dos profesores
- e) A cooperación dos pais

O Plano de Acción Titorial é o marco no que se especifican os criterios para a organización e as liñas prioritarias de funcionamento da acción titorial no Colexio. Forma parte do Proxecto Curricular da Etapa e trata de ser coherente co resto de elementos de éste.

5.2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL PARA ESTA ETAPA:

En consonancia coas directrices da administración educativa, a acción titorial na etapa da ESO terá como obxectivos xerais os seguintes:

1) Contribuir á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

2) Contribuir ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos xeitos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.

3) Resalta-los xeitos orientadores da educación, favorecendo para iso a adquisición de aprendizaxes funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa "educación para a vida".

4) Favorece-los procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e de toma de decisións respecto ao futuro académico e profesional.

5) Prevenir as dificultades no aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexábeis como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.

6) Contribuir á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan plantexarse.

5.3.- COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PAT:

5.3.1. Criterios xerais

a) Preténdese que o Plan de Acción Titorial sexa un marco aberto e flexible, xa que os obxectivos do mesmo poden ser traballados a través de actividades distintas en función das necesidades específicas de cada titor@ e do seu estilo pedagóxico e das características particulares de cada grupo.

b) A partir das liñas de actuación xerais concretadas no PAT os titores programarán as actividades máis apropiadas baixo a coordinación da Xefa de Estudos e contando coas propostas que aporte o Departamento de Orientación nas xuntanzas semanais que se manteñan a este efecto.

c) A través das xuntanzas periódicas dos titores co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos se articularán os recursos persoais e materiais e proporcionarase o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento das funcións titoriais dunha forma coordinada.

5.3.2. Xuntanzas de coordinación de titores

a) Teñen unha periodicidade semanal.

b) Prográmanse as actividades máis apropiadas para realizar co grupo na sesión semanal de tutoría a partir das liñas xerais propostas no PAT de forma consensuada polos titores.

c) Semanalmente analizarase como se desenvolveron as actividades realizadas nas sesións de tutoría da semana anterior

d) Trátase de anticipar as liñas de traballo que se van seguir a medio prazo para recoller as propostas e suxestións dos titores sobre a maneira máis axeitada de desenvolver as actividades de forma que a actividade que despois articule e formalice a orientadora axustese ás expectativas dos titores.

e) Apórtanse tamén informacións sobre outros xeitos de interese para os titores e o alumnado: acordos nos órganos do centro, actividades extraescolares, noticias e incidencias, etc.

f) Os titores e titoras de 1º, 2º e 3º da ESO serán convocados preferiblemente a xuntanzas conxuntas para poder abordar nelas outros asuntos relativos á coordinación docente do mesmo, segundo determine a Xefatura de estudos.

5.3.3. Seguemento e avaliación do Plan

a) Ao longo do curso a Xefatura de estudos, coa colaboración do Departamento de orientación, realizará o seguemento do desenvolvemento da acción titorial e emprestaranse os apoios e os recursos que os titores e alumn@s requiran.

- b) Seguindo as directrices da administración educativa, ao rematar o curso escolar o Departamento de orientación participará na avaliación do PAT e elaborará unha memoria final sobre o seu funcionamento. Esta memoria consistirá nunha síntese da reflexión realizada polos profesores implicados sobre os logros atinxidos, as dificultades atopadas, os factores que puideron influir en ambos e, no seu caso, os xeitos que será necesario modificar no Plan.
- c) Para a elaboración desta memoria os titores aportarán o seu punto de vista tanto nas xuntanzas de coordinación nas que se aborde este xeito como a través de memoria de cada grupo, para cuxa elaboración poderanse servir, á súa vez, das aportacións que realicen os alumn@s.
- d) Na memoria de cada grupo o titor/a exporá as principais tarefas desenvolvidas, analizará e valorará o traballo desenvolvido, os obxectivos conseguidos e as dificultades atopadas, así como o propio Plan de Acción Titorial e os apoios recibidos.
- e) As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no PAT en cursos seguintes.

5.4.- DISTRIBUCIÓN DE FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL:

5.4.1. Funcións dos titores e titoras

As funcións dos profesores-titores veñen establecidas polo artigo 56 do Real decreto 83/1996 de 26 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria.

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefa de estudos e en colaboración co Departamento de orientación do colexio.
- b) Coordina-lo proceso de avaliación dos alumn@s do seu grupo.
- c) Organizar e presidir as reunións de profesores e as sesións de avaliación do seu grupo.
- d) Facilita-la integración dos alumn@s no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do colexio.
- e) Orientar e asesorar aos alumn@s sobre as súas posibilidades académicas e profesionais
- f) Colaborar có Departamento de orientación do colexio, nos termos que estableza a Xefatura de estudos.
- g) Encauza-las inxerencias e demandas dos alumn@s e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto dos profesores e o equipo directivo nos problemas que se plantexen.
- h) Coordina-las actividades complementarias para os alumn@s do grupo
- i) Informar ós pais, ós profesores e ós alumn@s do grupo de todo aquilo que lles concierne, en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- j) Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumn@s.

5.4.2. Funcións da Xefatura de estudos

- a) Supervisa-la elaboración do PAT e realizar propostas sobre o mesmo
- b) Convocar, coordinar e modera-las xuntanzas de titores
- c) Asegura-la planificación trimestral das sesións de tutoría nos distintos grupos.
- d) Supervisa-lo correcto desenvolvemento do plano previsto mediante o seu seguemento nas xuntanzas de titores

5.4.3. Funcións do Departamento de orientación

- a) Proferi-lo Plan de Acción Titorial para a etapa, que deberá aproba-lo Claustro, recollendo as aportacións dos titores.
- b) Facilita-los recursos de apoio necesarios para a realización das actividades programadas polos titores
- c) Participar no seguemento e avaliación do PAT e elevar ao consello escolar unha memoria sobre o seu funcionamento ao fin do curso
- d) Colaborar cos titores na elaboración do consello orientador ao termo da Educación Secundaria Obrigatoria
- e) Colaborar cos titores na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe dos alumn@s e doutros problemas que poden afectar ao desenvolvemento do alumn@.
- f) Coordina-la intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro.

5.4.4. Responsabilidades de todo o profesorado na acción titorial

Todo profesor é nalgunha medida titor e contribue á acción titorial:

1. Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumn@ na súa área
2. Atendendo ás necesidades educativas específicas de cada alumn@ na súa área
3. Atendendo á formación integral do alumn@ mais alá da mera instrución en coñecementos sobre a súa disciplina.
4. Preocupándose polas circunstancias persoais de cada alumn@
5. Apoiano ao alumn@ na toma de decisións sobre o seu futuro
6. Facilitando que tódolos alumn@s estean integrados no grupo
7. Coordinándose co titor e aportándolle información e apoio
8. Favorecendo a autoestima dos seus alumn@s
9. Orientando aos seus alumnos sobre a mellor maneira de estudar a súa asignatura
10. Atendendo ás demandas e suxestións dos alumn@s
11. Buscando a colaboración do resto do profesorado para axudar ao alumn@.

5.5.- ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL NA ESO.

A acción titorial que se desenvolve no centro se concreta de acordo coa normativa vixente en catro tipos de actuacións:

- 1) Actuacións para asegura-la coherencia educativa no desenvolvemento das programacións e a práctica docente do aula por parte do profesorado do grupo.
- 2) Actuacións para desenvolver co grupo de alumnos no horario semanal de tutoría.
- 3) Actuacións para atender individualmente ós alumn@s
- 4) Actuacións para manter unha comunicación fluída coas familias.

5.5.1. A coordinación do equipo docente

A figura do titor/a ten como misión principal neste ámbito de competencia asegurar que todo o profesorado ten en conta as necesidades específicas do alumnado que compón o grupo.

Para iso, a partir do coñecemento das condicións sociais, educativas e persoais dos alumn@s e da evolución académica nas distintas áreas, o titor/a pode proferir ao profesorado do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atende-las necesidades que se plantexen de maneira que os alumn@s perciban coherencia na actuación do profesorado e na práctica docente do mesmo.

5.5.2. A atención individual aos alumn@s

a. Para facilita-lo seguemento personalizado da evolución académica e persoal dos alumn@s os titores poderán manter entrevistas individuais especialmente nos casos de alumnos e alumnas necesitados dunha orientación especial.

b. Os alumnos e alumnas que se atopen en situación de risco de non atinxir os obxectivos da etapa á vista do seu rendemento académico, que poidan atopar problemas de adaptación escolar ao comezo do curso ou que teñan especiais dificultades para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional serán obxecto dunha atención preferente.

c. Para a atención e asesoramento individual ós alumn@s os titores poderán contar coa colaboración do Departamento de orientación.

d. No asesoramento individual seguiráse preferentemente un enfoque non directivo, facilitando que sexa o propio alumn@ quen tome as súas propias decisións e adopte os seus compromisos.

5.5.3. A comunicación coas familias

a. No mes de outubro tódolos titores manteran unha xuntanza informativa cos pais dos alumnos do seu grupo conducida polo Equipo Directivo.

b. A acción titorial que se desenvolve no centro se concreta de acordo coa normativa vixente en catro tipos de actuacións:

- 1) Actuacións para asegura-la coherencia educativa no desenvolvemento das programacións e a práctica docente da aula por parte do profesorado do grupo.

- 2) Actuacións para desenvolver có grupo de alumnos no horario semanal de tutoría.
- 3) Actuacións para atender individualmente ós alumn@s
- 4) Actuacións para manter unha comunicación fluída coas familias.

5.5.3.1. A coordinación do equipo docente

A figura do titor/a ten como misión principal neste ámbito de competencia asegurar que todo o profesorado ten en conta as necesidades específicas do alumnado que compón o grupo.

Para iso, a partir do coñecemento das condicións sociais, educativas e persoais dos alumn@s e da evolución académica nas distintas áreas, o titor/a pode proferir ao profesorado do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atender-las necesidades que se plantexen de maneira que os alumn@s perciban coherencia na actuación do profesorado e na práctica docente do mesmo.

5.5.3.2. A atención individual aos alumn@s

- a. Para facilita-lo seguemento personalizado da evolución académica e persoal dos alumn@s os tutores poderán manter entrevistas individuais especialmente nos casos de alumnos e alumnas necesitados dunha orientación especial.
- b. Os alumnos e alumnas que se atopen en situación de risco de non atinxir os obxectivos da etapa á vista do seu rendemento académico, que podan atopar problemas de adaptación escolar ao comezo do curso ou que teñan especiais dificultades para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional serán obxecto dunha atención preferente.
- c. Para a atención e asesoramento individual aos alumn@s os tutores poderán contar coa colaboración do Departamento de orientación.
- d. No asesoramento individual seguiráse preferentemente un enfoque non directivo, facilitando que sexa o propio alumn@ quen tome as súas propias decisións e adopte os seus compromisos.

5.5.3.3. A comunicación coas familias

- a. No mes de outubro o conxunto de tutores manterán unha xuntanza informativa cos pais dos alumn@s do seu grupo conducida polo Equipo Directivo.
- b. Os tutores disporán dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de atender as súas demandas, trocar información sobre xeitos que resulten relevantes para mellora-lo proceso de aprendizaxe e promove-la cooperación dos pais na tarefa educativa que desenvolve o profesorado.
- c. O titor facilitará, no seu caso, as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, pondo en contacto aos interesados.
- d. Os tutores manterán informados aos pais sobre as situacións de inasistencia e abandono que poidan darse ao longo do curso e buscarán a súa cooperación na adopción de medidas correctoras.
- e. Tamén manterán unha comunicación fluída cos pais daqueles alumn@s con poucas posibilidades de supera-lo curso para lles informar sobre as opcións académicas de que dispoñen.
- f. A cooperación dos pais co centro na tarefa educativa será un obxectivo a promover por todo o profesorado, a través do troco de información e da procura de compromisos mútuos.

5.5.4. A acción tutorial co grupo de alumn@s

5.5.4.1. Contidos da tutoría grupal

A hora semanal de tutoría non é unha materia máis do currículo. É mais ben un espazo para a análise e a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe, sobre a dinámica do propio grupo, sobre o funcionamento do colexio, sobre a participación do alumnado na dinámica escolar e sobre o futuro académico e profesional.

A acción tutorial que se desenvolve no horario semanal de tutoría na ESO a estruturamos en cinco bloques principais:

1. A acollida ao comezo do curso de cada alumn@ no grupo e no Colexio
2. O fomento da participación do alumnado no seu grupo e na vida do Colexio
3. O seguemento e a coordinación do proceso de avaliación
4. A orientación e apoio no aprendizaxe
5. A orientación académica e profesional

Tamén incluímos o desenvolvemento de programas formativos en colaboración con outras institucións

5.5.4.2. Liñas prioritarias de actuación para cada curso

A) *Primeiro e Segundo curso da ESO*

1. Acollida e integración do novo alumnado no seu grupo e no colexio
2. Coñece-las características fundamentais da nova etapa: avaliación, promoción, etc.
3. Coñece-lo funcionamento do centro e as súas normas.
4. Desenvolvemento progresivo dunha técnica de traballo na casa.
5. Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas áreas: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal.

B) *Terceiro curso da ESO*

1. Favorece-la integración do alumnado no grupo e no centro, procurando a formación dun grupo unido e cohesionado.
2. Desenvolver técnicas de traballo e comportamento para favorecer a súa adaptación escolar.
3. Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas áreas
4. Consolidar unha técnica de traballo na casa
5. Preveni-las dificultades de aprendizaxe e encauza-las cando se produzan.

C) Cuarto curso da ESO

1. Orienta-lo alumn@ sobre as súas posibilidades académicas e profesionais
2. Realiza-lo seguemento dos alumn@s con materias pendentes apoiando as medidas de recuperación
3. Detección e tratamento máis personalizado das dificultades no estudo

5.5.4.3. Actuacións que se desenvolven

Bloque 1: Acollida e integración dos alumnos no grupo

A acción titorial neste bloque irá orientada a:

- Favorece-lo coñecemento mutuo dos membros do grupo
- Proporcionar ao alumn@ información clara e precisa sobre o que o colexio oferta e esixe.
- Facilitar o coñecemento do funcionamento do colexio e do conxunto da dinámica escolar
- Acordar expectativas positivas no alumnado cara o curso e cara o centro
- Prevenir os problemas que poidan darse no grupo como resultado dunha deficiente integración e adaptación do alumnado ao grupo e ao centro.

Para iso:

- O día de comezo do curso os tiores realizarán unha sesión de acollida co seu grupo no que se proporcionará aos alumn@s información sobre calendario escolar, horario, profesorado do grupo, calendario de avaliacións, aulas, normas de convivencia (RRI).
- Todo o profesorado do grupo contribuirá á acción titorial realizando actividades específicas de acollida nas respectivas áreas: presentación aos alumn@s, información sobre os obxectivos e contidos da área, metodoloxía, sistemas de avaliación, mínimos esixibles, etc.
- Nas dúas primeiras semanas do curso realizaránse actividades específicas dirixidas a facilita-lo coñecemento mutuo entre os alumn@s e entre estes e o titor/a e a inicia-la creación dun grupo unido e cohesionado a través de diferentes técnicas grupais.
- En tódolos cursos os alumn@s recibirán información pertinente aos seus intereses e grao de madurez sobre a organización e funcionamento do centro: organigrama de goberno, órganos de coordinación docente, Xunta de Delegados, Proxecto educativo, etc.
- Os alumn@s de primeiro curso recibirán ademais información específica sobre as características da etapa educativa que inician: finalidades, carácter da avaliación, etc.
- Os alumn@s que se incorporan por primeira vez ao centro nun grupo xa constituído (por traslado, repetidores...) serán obxecto dunha atención especial co fin de prevenir posibles problemas de integración e/ou adaptación.

- **Todo o profesorado colaborará na acollida dos alumn@s do grupo interesándose por coñecer a cada un deles nun prazo breve de tempo.**

Bloque 2: Organización do grupo e fomento da participación na vida do grupo e do centro

A acción tutorial neste bloque irá orientada a:

- Implicar ao alumnado na boa marcha do grupo e no bo funcionamento do centro
- Definir e manter unhas normas básicas de convivencia e funcionamento interno do grupo que sexan asumidas por todos para favorecer a implicación do alumnado no seu cumprimento.
- Velar polo mantemento dunha relación de respecto entre os alumn@s evitando actitudes discriminatorias
- Organizar e realiza-la elección dos representantes do grupo (delegado, subdelegado,)
- Implica-lo grupo na participación democrática da vida do centro e darlles a coñecer os canais previstos para dita participación

Actividades:

- Dentro do primeiro mes do curso daránse a coñecer ao alumnado os obxectivos e contidos do Plan de acción tutorial previsto para o curso e as funcións do titor ou titora, estimularase a participación do alumnado na programación e realización das actividades e recolleránse as súas aportacións e suxestións
- Nos tres primeiros cursos da etapa dedicaránse al menos dúas sesións ao estudo, análise e valoración sobre a normativa de Dereitos e Deberes dos alumn@s e as normas de convivencia no centro.
- Dentro do primeiro mes do curso organizarase a elección de delegados seguindo o procedemento establecido no RRI .O proceso electoral será convocado con carácter oficial pola Xefa de Estudos, armonizándose o procedemento a seguir e as datas nos distintos grupos e niveis.
- Con obxecto de implica-lo alumnado na dinámica de funcionamento do grupo poderán designarse outros responsables con carácter rotatorio: luces, xanelas, etc, especialmente nos dous primeiros cursos da etapa.
- Dentro do primeiro trimestre realizaranse actividades específicas (xogos, simulacións, charlas, cine-forum, etc.) orientadas a que os alumn@s aprendan a valora-la participación e o traballo cooperativo e a lograr un clima adecuado de convivencia en tódolos cursos da etapa.
- E en todo caso sempre que se reunise con carácter oficial a Xunta de Delegados de alumn@s, o titor/a dará a palabra ao delegado para informar puntualmente ao grupo sobre os asuntos que lle afecten.
- E en todo caso unha vez por trimestre, reservarase un tempo específico dentro da tutoría grupal para analizar problemas de convivencia e aprendizaxe comúns no grupo de forma ordeada e serea e a través do diálogo.
- Para o desenvolvemento deste ámbito da acción tutorial resultará especialmente interesante a familiarización do titor/a coas técnicas de traballo grupal, da mesma maneira requirirase do titor/a e de todo o profesorado un coñecemento adecuado do RRI e da normativa sobre dereitos e deberes dos alumn@s.

Bloque 3: Coordinación e seguemento do proceso de avaliación dos alumn@s do grupo

Obxectivos:

- Informar e recolle-las aportacións e suxestións do grupo sobre o desenvolvemento e resultado do proceso de avaliación ó termo de cada trimestre
- Realiza-lo seguemento da avaliación dos alumn@s con áreas ou materias pendentes de cursos anteriores
- Promover compromisos no grupo para reforza-los logros e correxi-los desaxustes que puidesen xurdir.

Actividades:

- Os titores recollerán información na ficha de datos da tutoría elaborada a tal efecto sobre os alumn@s do grupo acerca da súa situación académica e persoal, o seu entorno familiar, etc...e transmitirán ao profesorado do grupo aquelas informacións que resulten necesarias.
- Cos datos obtidos no expediente académico e a ficha de tutoría cada titor/a elaborará unha folla resumen de datos do seu grupo do cual entregárase copia ao resto do profesorado do grupo
- Os titores colaborarán na planificación do calendario de probas de avaliación procurando que este resulte equilibrado.
- Antes de cada sesión de avaliación o titor/a recabará dos seus alumn@s propostas e suxestións que poidan resultar pertinentes para o conxunto do profesorado, así como a análise que o propio grupo realiza do seu rendemento.
- Os titores informarán aos alumn@s do grupo despois de cada sesión de avaliación sobre o desenvolvido e lembrado nela, concretando e comunicando das medidas específicas de recuperación para o grupo ou aos alumn@s que o precisen.
- Cada alumn@ elaborará na hora semanal de tutoría unha ficha rexistro do seu rendemento ao longo do curso ao termo de cada trimestre, a partir da cual formularáse obxectivos e compromisos de mellora.
- Ao rematar o curso escolar o titor/a elaborará os informes individualizados de avaliación aos que fai referencia a O.M de 12 de novembro de 1992 seguindo o modelo que a tal fin se lembra no Proxecto Curricular.

Bloque 4: Seguemento, orientación e apoio ao aprendizaxe

Obxectivos

- Obter información pertinente sobre a evolución de cada alumn@ nas distintas áreas e sobre as súas necesidades educativas para lle axudar a supera-las dificultades.
- Reflexionar cos alumn@s sobre as dificultades que van aparecendo nas distintas materias e formular propostas e peticións positivas para tentar supera-las.
- Detectar deficiencias no uso das técnicas de traballo intelectual e sensibilizar ao alumnado sobre a importancia do uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Mellora-la capacidade dos alumn@s para planifica-lo tempo e organiza-lo traballo de estudo persoal.

- Prepara-lo alumnado para que afronte en condicións óptimas os procesos de avaliación.

Actividades

- Os alumnos que á vista dos resultados obtidos na primeira e segunda avaliación atópanse en situación de risco de non superar o curso serán obxecto dun seguemento especial. Manteráse unha entrevista persoal cos pais para trocar información e favorecer compromisos.
- Desenvolverase un programa específico para a mellora das estratéxias de aprendizaxe dos alumn@s no que se coordinarán as actuacións do titor/a coas do resto do profesorado do grupo.
- O titor/a supervisará a utilización correcta e autónoma das estratéxias de aprendizaxe traballadas en clase e proporcionará apoio específico a algúns alumn@s.
- No primeiro curso da etapa será prioritario favorecer progresivamente técnicas axeitadas para o aproveitamento do tempo de traballo e estudo en casa.
- Todo o profesorado, en especial nos primeiros cursos da etapa, facilitará que os alumn@s poidan adquirir un técnica regular de traballo en casa procurando un reparto proporcionado das tarefas que se manden para casa. O titor/a velará polo reparto equilibrado destas tarefas entre as distintas áreas ao longo da semana.
- Dentro do primeiro trimestre do curso desenvolveranse na hora semanal de tutoría actividades específicas relacionadas coa mellora da motivación cara o estudo: estudo de casos, cuestionario, etc.
- Ao menos unha vez por trimestre o titor/a recollerá dos seus alumn@s as súas impresións sobre a marcha do proceso de aprendizaxe nas distintas áreas, atendendo ás peticións que resulte procedente trasladar a outros profesores do grupo.
- O departamento de Orientación colaborará cos tutores e o resto do profesorado, baixo a dirección da Xefa de estudos, na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, co fin de determinar as necesidades educativas que o alumn@ poida presentar e o tipo de axudas pedagóxicas que pode precisar de cara a mellorar a súa situación educativa.

Bloque 5: Orientación académica e profesional

Obxectivos

- Proporciona-los alumn@s información obxectiva e precisa sobre as diferentes opcións académicas e, no seu caso, profesionais que se abren en función de cada situación educativa.
- Axuda-los alumn@s a desenvolve-lo coñecemento das súas potencialidades e limitacións e a comprender a relación entre elas e a elección profesional.
- Axuda-los alumn@s a desenvolver estratéxias efectivas para a toma de decisións.
- Asegurar unha orientación profesional non discriminatoria, eliminando os estereotipos sexistas tradicionalmente asociados ao traballo para mellora-las perspectivas de emprego e formación de rapaces e rapazas.

Actividades

- A tutoría grupal será un dos ámbitos nos que se desenvolva o Plano de Orientación Académica e Profesional establecido para a etapa.
- As actividades que se desenvolvan neste ámbito contemplarán de forma equilibrada os seguintes apartados:
 - a) Coñecemento da estrutura do sistema educativo e das distintas opcións e roteiros
 - b) Coñecemento do sistema produtivo e laboral e dos procesos de inserción nel.
 - c) Coñecemento das propias posibilidades, intereses e limitacións
 - d) Desenvolvemento de xeitos para a toma de decisións
 - e) Orientación personalizada aos alumn@s sobre as súas posibilidades académicas
- As actividades de orientación vocacional terán un carácter marcadamente educativo e irán orientadas ao desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio alumn@ quen tome as súas propias decisións de maneira libre e responsable, tanto no momento actual como ao longo da súa vida.
- Aínda que a tutoría grupal sexa unha das vías principais para desenvolver os contidos da orientación académica e profesional, teremos en conta que moitos dos coñecementos e xeitos implicados na toma de decisións son algo que se adquire dunha maneira ou doutra no marco do currículo, a través dos aprendizaxes que se promoven nas distintas áreas e materias. Por iso a labor dos tutores se complementará con outras actuacións específicas establecidas no POAP.
- Dado que o feito de dispor de información correcta ou incorrecta pode condicionar o proxecto de vida dos alumn@s, todo o profesorado porá especial cuidado en dispor dun coñecemento ou da información precisa sobre a estrutura do novo sistema educativo, as opcións e roteiros académicos, etc.
- O Departamento de Orientación colaborará con todo o profesorado neste ámbito da acción tutorial proporcionando a información axeitada a través de documentos, esquemas e materiais de diverso tipo.
- A orientadora do centro atenderá as consultas ou resolverá as dúbidas dos alumn@s que non poidan atender os tutores por quedar fóra do establecido no plan.

6.- AVALIACIÓN DESTE PLAN.

Para cada apartado deste Plan deberase facer un seguemento por áreas, niveis e ciclos, ao longo do curso, para determinar en qué medida están integrados nas unidades didácticas do P.C.C. estes apartados.

Mentres tanto este Plan de acción tutorial figurará como anexo a tódalas programacións de aula durante o curso escolar. Cada profesor procurará integrar no deseño de cada Unidade Didáctica estes apartados, establecendo os obxectivos que se acorden nos diferentes niveis.

O Departamento de Orientación fará unha avaliación final deste Plan. A partires dos resultados das avaliacións que se fagan, procederase ás modificacións que se estimen necesarias.